

## **Persoal do almacén de Narón de Pull&Bear inicia mobilizacións para mellorar o acordo de empresa**



[1]

Empregados do Almacén Loxístico de Pull&Bear iniciaron mobilizacións o 20 de xullo diante do centro de traballo, situado no polígono naronés de Río do Pozo, para demandar que o novo acordo de empresa conteña melloras salariais e sociais. As protestas retomáronse no mes de setembro.

21/7/10.

A negociación comezou en xaneiro pasado e na actualidade atópase paralizada. A vixencia do [acordo actual](#) [2] expirou en decembro de 2009.

Na súa oferta, a empresa aposta por subas salariais ridículas. O persoal da planta de Narón percibe retribucións inferiores ás que reciben compañeiros e compañeiras doutras plataformas loxísticas de Inditex. A este respecto, a CIG-Servizos ferrolá censura a avaricia da multinacional comandada por Amancio Ortega que, malia obter importantes beneficios e incrementar a súa actividade comercial, rexeita a plataforma presentada pola parte social.

- [comercio vario](#)
- [Ferrol](#)
- [Inditex](#)
- [mobilizacións](#)
- [Narón](#)
- [negociación colectiva](#)
- [pull & bear](#)

### **Ligazóns:**

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] [http://www.cigservizos.org/sites/default/files/acordo\\_convenio/2010/03/acordo\\_pull\\_2007\\_2009\\_pdf\\_10364.pdf](http://www.cigservizos.org/sites/default/files/acordo_convenio/2010/03/acordo_pull_2007_2009_pdf_10364.pdf)